



## **ACONTECIMENTOS DO ANO**

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: *Arume*, *Estudios Blanco*, *Faraldo*, *Fersal*, *Gabin*, *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*...



13 de agosto de 1996. Actuación conxunta da Banda Municipal de Música e a Coral Polifónica de Betanzos na igrexa de San Francisco no día en que o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, impuxo a D. José Manuel Romay Beccaría (os dous no centro xunto ós directores) a Medalla de Prata da Cidade.

## Xaneiro de 1996

Nos primeiros días deste mes remataron as Fiestas de Nadal e Aninovo programadas pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, nas que se contou coa colaboración de distintas sociedades betanceiras. Foron numerosos os visitantes ó Nacemento mecánico realizado baixo a dirección de D. Manuel López Castro, que este ano se instalou no Edificio Arquivo.

### 5 de xaneiro de 1996

Percorreu as nosas rías a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente, que este ano estivo acompañada por diversas agrupacións folclóricas betanceiras. A súa organización correu a cargo da Asociación de Veciños de Santa María-A Ribeira, que contou coa colaboración do Concello e casas comerciais.

### 12 de xaneiro de 1996

Promovido polo Concello, tivo lugar na igrexa de San Francisco un concerto da Orquesta Sinfónica de Galicia, que foi dirixida por Jerzy Meksymiuk e contou na actuación cun solo de trompeta a cargo do músico xaponés John Aigi Hurn.

### 21-24 de xaneiro de 1996

O mal tempo fixo que nestes días o río Mandeo saíse da súa canle nas horas que coinciden coa marea chea. As vivendas e locais do barrio da Ribeira sufriren inundacións ata o punto de que nalgúns casos a xente tivo que abandonalas.

### 9 de febreiro de 1996

Presentouse o proxecto da Escola Taller denominado «Pasatempo 2». O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e nel estiveron presentes o Gobernador Civil, D. Carlos Vacas Beldá, a Directora Provincial do Inem, Dª Pilar López-Riobó Ansorena, o Concelleiro Delegado de Formación, D. Antonio Lagares Pérez, o Alcalde de Abegondo, D. Antonio Santiso Miramontes, así como unha representación do concello de Paderne. Neste proxecto participan 50 mozos (homes e mulleres) desempregados da comarca, nas especialidades de xardinería medioambiental, fontanería, electricidade, soldador-alicatador e escaiolista. As prácticas realízanse no parque do Pasatempo, contribuindo á súa rehabilitación e mellora.



### 11 de febreiro de 1996

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, fixo entrega dun obsequio a cada un dos cinco deportistas que foron declarados como os máis destacados na tempada 1994-95. Os homenaxeados foron: Silvia Roel e Jannette Barreiro do Club Ciclista de Betanzos, Neftalí Paraje e Roberto Picado do Club de Piragüismo Ría de Betanzos e o atleta de maratón José Rey.



### Febreiro de 1996

O Concelleiro e Delegado de Educación de Betanzos, D. Antonio Lagares Pérez, foi elixido vocal no Consello Escolar de Galicia como un dos representantes das administracións locais.

## **Febreiro de 1996**

Neste mes Betanzos foi marco de moitas esceas da película «Crucifixion Island», unha longametraxe de produción británica dirixida por John Gugolka e inspirada na obra de Kafka «La Colonia Penitenciaria». Os lugares preferidos foron as covas do Pasatempo e a casa Núñez, que da noite á mañá se viu convertida nun cuartel. Tamén se rodaron exteriores na Praza da Constitución. Un dos intérpretes principais é o actor galego Xaquín Toba e en canto ós extras houbo gran participación de betanceiros.



## **18-24 de febreiro de 1996**

Desenrolouse nestes días o programa de actividades do Antroido, elaborado polo Concello de Betanzos, que contou con desfiles de comparsas, bailes, concursos de disfraces, entero da sardiña, etc. Colaboraron na súa realización a Escola Taller Pasatempo e a charanga NBA.

## **Febreiro de 1996**

Apareceu na prensa a noticia da publicación da primeira novela escrita polo autor de orixe betanceiro Xulio Trigo. A obra titulada «La desparició d'Evelyn» está escrita en catalán e ó longo da narración aparece de forma simbólica a nosa cidade. Actualmente o autor dirixe a Escola de Letras de Valencia.

## **3 de marzo de 1996**

Das Eleccións Xerais celebradas neste día saíron elixidos para o Congreso dos Deputados dous betanceiros: D. José Manuel Romay Beccaría e Dª Fernanda Faraldo Botana. Habería que engadir a D. Hipólito Fariña Sobrino que reside en Narón, pero é natural de Betanzos.



## **8 de marzo de 1996**

Estrenouse no cine Alfonsetti a cortametraxe «Cabeza de boi», do director brigantino Xosé Carlos Soler. A película é o terceiro capítulo da serie «Alentraia», que consta de trece episodios e dos que xa realizou «O Párroco embaucado» e «Tornabón».

D. Xosé Carlos Soler.

## **17 de marzo de 1996**

Faleceu neste día D. Julio Naveira Cuns (Rodeiro), quen fora funcionario municipal. Actualmente estaba xubilado.

## **Marzo de 1996**

O betanceiro e actualmente profesor de Neuroloxía na Universidade de Navarra, D. José Manuel Martínez Lage, foi elixido Académico na área de Neuroloxía da Real Academia de Medicina de Zaragoza.

## **22 de marzo de 1996**

O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, en calidade de Presidente da Federación de Concellos Galegos e o Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, D. Julio Álvarez, entrevistáronse en Valencia coa presidenta da "Federación Española de Municipios y Provincias" e Alcaldesa de Valencia, Dª Rita Barberá. O motivo foi a demanda de maiores competencias e financiación dos pequenos municipios.

## **24 de marzo de 1996**

Na Aula de cultura tivo lugar un concerto de violín a cargo do músico Vladimir Prjevalski, natural de Rostov e que xa hai varios anos pertence á Orquesta Sinfónica de Galicia.

## **Marzo de 1996**

O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, e o Subdirector Xeral do Ministerio de Xustiza e Interior, D. Luis López Puerta, firmaron un novo convenio para a ampliación do servicio de prestación social sustitutoria. O número de obxectores que poden realizar o servicio no noso concello ascende a un total de corenta e cinco.

## **25 de marzo de 1996**

Neste día un camión cargado con estructuras metálicas para unha ponte da A-9 incrustou a carga nun bar proximo á Ponte Vella. Este feito provocou importantes retencíons de tráfico.

## **30 de marzo de 1996**

Tivo lugar na igrexa de Santo Domingo a lectura do Pregón de Semana Santa, que este ano realizou a fundadora da escola Raiola e Directora do Hogar Sor Eusebia, D<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Losada.

## **10 de abril de 1996**

No Centro de Formación Ocupacional o Tenente de Alcalde e responsable de Formación e Emprego, D. Antonio Lagares Pérez, fixo entrega dos diplomas acreditativos a sesenta alumnos que nos últimos meses asistiron a cursos de fontanería, auxiliar electricista, xardinería e cultivo baixo abrigo.

## **13 de abril de 1996**

A igrexa de Santo Domingo serviu de marco para un espectáculo de zarzuela, no que actuaron a soprano Amparo Navarro e o barítono Javier Galán, xunto coa orquesta Harmonía. Foi organizado polo Concello en colaboración coa Consellería de Cultura e a Coral Polifónica de Betanzos.

## **Abril de 1996**

Un grupo de alumnos do Instituto Franciso Aguiar de Betanzos participou na cidade de Estrasburgo nunha xornada de Euroescola, organizada polo Parlamento Europeo.

## **17-20 de abril de 1996**

Na Aula Municipal de Cultura tiveron lugar as Terceiras Xornadas Técnicas para Polícias Locais, nas que participaron entre outros o xuíz da Audiencia Nacional, D. Miguel Moreiras, o fiscal antidroga de Galicia, D. José Luís Conde Salgado, o profesor de derecho penal da Universidade de Santiago, D. José M. Rebolo e a xuíz do Xulgado de Instrucción número 2 de Betanzos, D<sup>a</sup> Elena Pastor Novo. As xornadas foron organizadas polo Concello de Betanzos coa colaboración da Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Universidade de Santiago, Asociación de Xefes do Corpo da Policía Local de Galicia e Banco Etcheverría. Clausuráronse polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



## **20 de abril de 1996**

Nun acto presidido por D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde de Betanzos, foi inaugurado o novo edificio de Cruz Vermella Xuventude, ubicado nas inmediacións do posto que estaba sendo xa utilizado na Praza de Alfonso IX. Estiveron presentes o Conselleiro de Sanidade, D. José Manuel Romay Beccaria, a Directora autonómica de Cruz Vermella, D<sup>a</sup> Carmen Colmeiro Rojo, así como outras autoridades.

## **22 de abril de 1996**

O Alcalde de Betanzos e Presidente da Federación de Concellos Galegos, D. Manuel Lagares Pérez, asistiu ó acordo de fusión desta organización coa Federación Galega de Municipios e Provincias e a Federación Galega de Concellos Rurais, celebrado no Parlamento de Galicia. Estiveron presentes personalidades destacadas na política galega como o Presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, Presidente do Parlamento de Galicia, D. Victorino Núñez, Delegado do Goberno, D. Domingo García Sabell, Conselleiro de Xustiza e Interior, D. Juan Miguel Díz Guedes e representantes de todos los grupos parlamentarios.



## **23 de abril de 1996**

Visitou a cidade D. José Luis Leal, ex-ministro de Economía e actual Presidente da Asociación Española da Banca. Na Sala Capitular recibiu o Alcalde, D. Manuel Lagares e outros membros da Corporación, asinando no Libro de Honra. Tamén estaban presentes D. Javier Etcheverría, outros banqueiros e o arquitecto municipal.



## **4 de abril a 28 de maio de 1996**

Máis de dous mil escolares visitaron a nosa cidade no denominado Tren do Pasatempo. Un acontecemento dentro da vida escolar dos rapaces, xa que moitos deles viaxan en tren por primeira vez. Está organizado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, Renfe e o Concello de Betanzos. O percorrido pasa polo Pasatempo, Museo das Mariñas e casco histórico.



## **25 de abril de 1996**

Visitou a cidade o Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, D. Juan Manuel Díz Guedes, acompañado polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, o delegado provincial de Xustiza, D. Fernando Rodríguez Corcoba, o Deputado e Concelleiro, D. Jaime Alberto Pita Varela e outras personalidades.

## **29 de abril de 1996**

Deron comezo as obras de apertura da Rúa Rosalía de Castro para comunicala coa Nacional VI. A súa realización é froito dun convenio entre o Concello e os promotores de vivendas da zona.

## **30 de abril de 1996**

Organizada pola mutua La Fraternidad en colaboración co Concello celebrouse na Aula de Cultura unha xornada técnica adicada á Lei de Prevención de Riscos Laborais. Participaron D.

*Miguel del Río López, xefe de prevención da entidade organizadora, D. Alberto Palencia Marroquí e Dª María Teresa Pedrosa Silva, Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais. O acto de clausura foi realizado polo alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez.*

#### **1 de maio de 1996**

*Tivo lugar no Estadio Municipal García Irmáns a celebración do IV Trofeo da Amistade entre o Deportivo e o Betanzos que rematou cun tanto de 2-3 favorable ós coruñeses. Rexistrouse unha boa entrada onde os más pequenos tiveron oportunidade de acercarse para pedir algún autógrafo e fotografiarse cos seus ídolos.*

#### **10-12 maio de 1996**

*Celebrouse nestes días a XI Festa do viño de Betanzos. Este ano contou coa participación do Presidente da Deputación, D. Augusto César Lendoiro, que foi o encargado da lectura do pregón da festa. Congregáronse en Betanzos milhares de persoas que deron conta de aproximadamente 15.000 litros de viño, que poideron ser acompañados de varios productos da terra. Os premios foron para D. Julio Castro, en tintos e para Dª Estela Gómez en blancos.*

### **Pregón da festa do viño**

Betanceiros, Betanceiras.

Gracias por celebrar este tempo de primavera, por celebrar a festa, como proba e compensación do traballo, base do progreso: quen sabe traballar, tamén se sabe divertir. Gracias por buscar solidariedade seguindo ancestrais tradicións que caracterizan aos brigantinos: terra de feiras, traballo e festas. Gracias por ter como argumento «o bon viño de Betanzos», ese viño de baixar lixeiro que xa cantaban os xograres medievais. Gracias por traerme, neste día singular, a compartir con vós a festa e o bon facer de Betanzos.

No pregón que agora mesmo se me solicita, o rei é o viño que mellora a razón da simpatía; que dá forza. Viño nacido de antergas parras, ben coidadas ao longo do ano, vendimado en festas e fermentado no silencio e na penumbra das bodegas de pedra, veciñas de mosteiros e de caseiróns nobres, construcións coroadas por torres, campanarios ou reloxios que debuxan no ceo a silueta da cidade. Viño que resulta como un elixir, celebrado nas feiras, nos encontros, na romaría ou nas festas de San Roque, cada 16 de Agosto, cando o globo máis grande do mundo, feito en papel pola man e saber antigo dos Pita, sube ao ceo cargado coas ilusións de todos. O esenario é esta praza do campo, presidida pola fonte xenerosa de Diana, necesario lugar de encontro que no medrar da cidade dos Cabaleiros sustituiu na súa función de escaparate á empedrada Praza do Azougue na parte alta e vella, núcleo das celebracións e os mercados medievais, florecer da vila que foi das sete principalísimas de Galicia.

Betanzos é sempre traballo e festa de auga, luz, lume e viño: San Miguel dos alborotados, San Miguel das Angustias, os inigualables Caneiros, a mellor entre as melhores romaría de Galicia, incluso diría do mundo; a feira de Santos, e tódalas feiras e mercados nas que cada quen ofrece o mellor que ten. Non pode faltar nese rito de encontro solidario un bo xantar, onde coa empanada faise necesario ese viño lixeiro que non fai mal, que simplemente dá ledicia e cor na expresión, que mellora en simpatía a quen o bebe. Viño que necesariamente hai que cantar e celebrar como queremos facer agora.

Gracias a Betanzos por ser Betanzos no mundo, a «Cidade Verxel» que alguén dixo. Aquello da canción de «repolo de Betanzos» fai honra a unha horta na que se daba de todo, até o azafrán.



Sempre na Coruña, en «Marineda» se quixo enormemente a Betanzos, e Betanzos á Coruña, ir e vir buscando unha á outra, con historias moi comúns e compartidas. De Betanzos sempre se falou ben en tódalas partes, as historias cantan parabéns dos cabaleiros e labradores de Betanzos, xastres, viñateiros, mariñeiros sabedores de tódolos mares, exemplo de bon fazer. E un betanceiro é símbolo de concordia e amizade alí onde él esté. Dicir Betanzos é abrir portas alí por onde se vaia.

Ese saber e obrar de Betanzos ven de vello, aquí conviven o pasado e o presente, as melhores ansias por responder a un futuro mellor. Betanzos sempre abriu as portas á novidade, deu amizade e agasallou a todo visitante. En todo tempo foi esta terra solidaria de filántropos, de viaxeiros con ánimo de aprender e traer, «bos e xenerosos». Terra fiel ao pasado e ao mesmo tempo innovadora, sen medo ao futuro.

Fernán Pérez de Andrade bebeu deste voso e noso viño, e Roi Xordo das Mariñas convidaría a moitos irmáns ás súas adegas, nelas contuberniaban e renovaban, alzando as cuncas de tinto, a forza do sangue. Os frades dos mosteiros, entre vésperas e maitines, botaban tamén un grolo dese viño milagroso que provoca a necesaria palabra, a necesaria conversa, os acordos, a armonía. Viño que non se pode beber soío. Faise necesario acompañalo dunhas boas magras de xamón ou embutido que eidíu en Betanzos tampouco queda atrás, que deu sona a casas de comidas... e dese pan magnífico do que sempre presumiu Betanzos. Co viño branco chegouse a facer cava e incluso un tostado ideal para cubrir os vicios dos monaguillos nas sacristías e os máis sacros oficios litúrxicos. Aquel tostado de Betanzos curaba aos enfermos, seguramente estaba feito con receitas aprendidas nos conventos ou nos pazos. Aquel tostado, aquel saber facer podería ter hoxe o prezo do ouro.

Ese viño de Betanzos faise necesario nas tardes quentes de verán e si é nunha fresca adega, baixo un emparrado, ou nunha destas balconadas que miran ás rúas de Betanzos, mellor. O viño é o todo: forza, ánimo, palabra, por algo o viño está tamén na ceremonia, no ritual, no convite más sacro da relixión. O viño é fundamental sobre as mesas das barcas dos Caneiros, ou baixo a sombra fresca das bideiras de Chelo, mirando ás augas do Mandeo. A tortilla de Betanzos cobra forza e faise banquete de nobres se ten como compañeiro a ese viño milagroso de Betanzos: na súa compaña todo mellora.

Viño que xerou vida: barcos que o transportaban, que animaba a navegantes en difíciles travesías por un océano temible, toneleiros, selleiros dos barrios baixos, á beira do Mendo e do Mandeo, riveiras onde hai poucas décadas se criou, correu e xogou Buyo, ese magnífico porteiro e grande betanceiro. Aquel neno que corría por estas riveiras é historia xa, defensor de Betanzos como da súa mesma e impenetrable portería.

Betanzos ben vale unha mesa, e eso soubérono ben canto antepasado pasou por aquí: frades, arrieiros, nobres, indianos... Polo viño de Betanzos sinten morriña eses tantos emigrantes que recorren o mundo, Buenos Aires, Cuba, toda Europa... xa quixeran eles brindar con nós agora mesmo, compartir mesa e xantar nesta cidade que tamén ergue as súas torres de historia ao ceo, nós erguemos un brindis na súa lembranza. Eles saben e teñen o orgullo de pertencer a esta terra privilexiada que sempre os agarda.

Novamente gracias Betanzos por ser Betanzos: contades conmigo como eu quero contar con vos nesas ansias de retomar o pasado para construir, solidariamente, o mellor futuro no que non falte o traballo, o bon fazer e o exemplar humor que sempre vos caracterizou.

Augusto César Lendoiro

## 10 de maio de 1996

*Na Aula de Cultura tivo lugar a celebración e entrega de premios da VIIª edición do Premio de Poesía e Relato Curto, convocado polo Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar de Betanzos, que contou co patrocinio do Concello de Betanzos, Deputación Provincial e Dirección Xeral de Política Lingüística. Celebrouse unha conferencia a cargo do escritor Xosé Luis Méndez Ferrín sobre Galicia nas súas orixes e realizouse a entrega de premios que este ano corresponderon a Regina Carreira López, do colexiño Fingoi de Lugo na modalidade de poesía e a Raquel Pensado, do Colexiño Manuel Peleteiro de Santiago na modalidade de relato curto.*

## 12 de maio de 1996

*Disputouse a Vª Volta Ciclista á Comarca Brigantina, organizada polo Club Ciclista de Betanzos. O gañador foi José Luis Boente do equipo Pescanova de Vigo.*

### **15 de maio de 1996**

*Foi pescado o primeiro salmón da temporda no río Mandeo, a peza pesou 5 quilos cunha lonxitude de setenta e cinco centímetros. O afortunado foi o coñecido betanceiro D. Antonio Cotos.*

### **Maio de 1996**

*O compositor betanceiro Carlos López recibiu o premio da Fundación Crítica Galega, no apartado de música pola súa labor creativa realizada na Arxentina, París e actualmente na nosa comunidade na que fundou a Asociación Galega de Compositores. As nosas felicitacións por este recoñecemento.*

### **15 de maio de 1996**

*O Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, a Directora Xeral da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, Dª Carmen Bianche e o Deputado Provincial do Partido Popular, D. Jaime Pita, fixeron entrega no colexio Sagrado Corazón dos diplomas de asistencia ós cursos de formación, organizados pola Asociación Juvenil Brigantium e o Colexio Nuestra Señora del Sagrado Corazón.*

### **17 de maio de 1996**

*Dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura o estreo da obra Alter Ego, orixinal de Xulio Cuns, que foi posta en escena pola Agrupación Teatral Mariñán.*



### **18 de maio de 1996**

*Celebrouse o VI Día da Muiñeira, como continuación da celebración das Letras Galegas, no que participaron numerosos grupos da provincia e do propio concello.*

### **20 de maio de 1996**

*Causou fonda tristura en Betanzos o inesperado falecemento, en plena rúa, do funcionario municipal, D. José Antonio García Bello. Todos os que o tratamos sabíamos das súas excelentes cualidades humanas e profesionais. Desde o Anuario Brigantino quede aquí a nosa lembranza e o noso agarimo para el e a súa familia.*

### **21 de maio de 1996**

*Dentro do programa das Letras Galegas, inaugurouse no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia a V Mostra Documental de Betanzos. O acto contou coa participación do escritor betanceiro D. Xulio Cuns, que pronunciou a conferencia Do Arquivo de Betanzos a Ferro Couselo.*

### **Maio de 1996**

*A Organización de Estudiantes Galegos para a Axuda Social promoveu unha campaña de recollida de alimentos para enviar ós galegos residentes en Cuba. O citado colectivo contou coa colaboración das Asociacións de Comerciantes, Amas de Casa e Concello de Betanzos.*

### **23 de maio de 1996**

*Na Aula Municipal de Cultura presentouse o proxecto Antear, xurdido tras a firma dun convenio entre o Concello de Betanzos e a Fundación Paideia. Con él persoas discapacitadas poideron integrarse no mundo laboral, realizando tarefas de aprendizaxe en empresas.*



*D. José Antonio García Bello.*

## 24 de maio de 1996

Dentro do programa elaborado polo Concello para a celebración das Letras Galegas, na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto da Banda Municipal de Música de Sada. O día 26 tivo lugar un recital poético-musical titulado Ó pé do mar, a cargo do grupo Lanzós.

## 31 de maio de 1996

Nesta madrugada orixinouse un espectacular incendio nunha nave abandonada enfrente da gasolinera das Cascas, quedando toda destruída. Finalmente foi sofocado polos bombeiros que viñeron da Coruña e que contaron coa colaboración da Policia Local e Protección Civil.

## 3 de xuño de 1996

Na Sala Capitular o Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, recibiu ás integrantes da Asociación de Amas de Casa de Gondomar, que presididas por unha brigantina, a Sra. Freire, viñeron coñecer-la nosa cidade, e en especial o lugar dos Caneiros. ☐

## 7 de xuño de 1996

Na Aula Municipal de Cultura o grupo teatral Luzada representou a obra O testamento do tío Lelé, orixinal



de Roger Martin du Guard e coa versión en galego de Xulio Cuns, asimesmo actor xunto a Olga Patiño e outros. Con este espectáculo dase por finalizado o programa de actos organizados polo Concello para celebrar as Letras Galegas.

## 22 de xuño de 1996

Os campeonatos nacionais de ciclismo celebrados en Sabiñánigo, tiveron unha ganadora bétanceira na categoría femenina de cadetes, Patricia Roel pertencente ó Club Ciclista de Betanzos. Retívose o mesmo título gañado no ano anterior por Janet Barreiros.

## 29 xuño de 1996

Cunha festa acuática celebrada na piscina municipal, abriuse o Programa de Actividades Deportivas Verán 96, organizadas pola Delegación Municipal de Cultura, e que se desenvolveron en todo o mes de xullo. Cursos de natación, de baloncesto, fútbol, tenis, campamentos, senderismo, aerobic e incluso bailes de salón foron algunas das ofertas deste programa.

**ACTIVIDADES DEPORTIVAS  
VERÁN 96**

**FIESTA ACUÁTICA**  
Sábado 29 de Xuno

CURSOS INTENSIVOS DE NATACIÓN:  
Natación y Pequeños natares  
STAGIAS: Baloncesto - Fútbol  
TENIS  
ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA ADULTOS  
CAMPAMENTOS URBANOS INFANTÍS  
SENDERISMO

Concello de Betanzos



**5 de xullo de 1996**

Foron recibidos polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, 30 alumnos da Universidade de Emory (Atlanta) que participaron nestes últimos días nun curso de coñecemento das costumes galegas, organizado polo Liceo Internacional Agarimo.



**5 de xullo de 1996**

Na Sala Capitular do Concello e baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, tivo lugar o acto de apertura da V Bienal de Pintura Balconadas. Esta orixinal actividade artística, da que son directores Jesús Níñez e Verónica Dopico, está organizada polo Concello de Betanzos que conta co patrocinio da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial. No presente ano contouse con 150 obras que ó longo deste mes deron un especial colorido á nosa cidade. As obras premiadas, como ven sendo habitual, foron elixidas polos mesmos participantes na mostra, correspondendo este ano o primeiro premio ó pintor exipcio, Sabi El Sayed.



#### **12 de xullo de 1996**

*Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1995, nº 18. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, a quien acompañaban o Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, o Director da publicación, D. Alfredo Erias, así como diversos membros da Corporación Municipal e outras autoridades. A presentación correu a cargo do Vicerrector da Universidade de Santiago, o betanceiro D. Sergio Casas Fernández.*

#### **17 de xullo de 1996**

*Deu comenza o ciclo de verán de Cine na Rúa, organizado polo Concello, que se desenrolou ata o 8 de agosto en distintas rúas e prazas da cidade, incluído o patio do Museo das Mariñas.*

#### **19 de xullo de 1996**

*O Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, inaugurou o III encontro de Escuelas Taller y Casas de Oficios del Noroeste Peninsular, que por terceiro ano consecutivo organiza o concello de Betanzos por medio da Escola Taller Pasatempo. No acto estiveron presentes o Gobernador Civil da Coruña, D. Fernando Rodríguez Corcoba, o Ténente de Alcalde e responsable de Formación e Emprego, D. Antonio Lagares Pérez, responsables das Escolas-Taller e outras autoridades. Desenroláronse diversas actividades como o ciclo de conferencias sobre inserción laboral e posteriormente realizouse unha exposición de traballos no Pasatempo.*



#### **19-26 de xullo de 1996**

*Tivo lugar no Edificio Arquivo unha exposición de pintura en homenaxe a Ricardo García Gondell. Foi organizada pola Escola de Debuxo e Pintura M. Anido que contou co patrocinio do Concello.*

## Xullo de 1996

Os alumnos do módulo de carpintería da Escola Taller realizaron unha escalaia de acceso á torre de Santo Domingo. Os traballos foron cofinanciados pola Igrexa e o Concello.

## Xullo de 1996

Ó longo deste mes celebrouse nas antigas escolas de San Francisco a XII edición do Curso Internacional Gráfica 96, dirixido polo betanceiro Xesús Núñez. Este ano contou coas especialidades de calcografía e litografía, e estivo patrocinado polo Concello e Caixa Galicia.

## 25 de xullo de 1996

Tivo lugar no Cruceiro da Cruz Verde a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. ⇒

## 26 de xullo de 1996

O Alcalde en funcións e Delegado de Cultura, D. Francisco M. Díaz Pereira, e o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Augusto César Lendoiro, asinaron un convenio de colaboración entre ambas institucións para o desenrollo das obras da praza do Pasatempo.



## 27 de xullo de 1996

Celebrouse na nosa cidade o Campeonato de Galicia de Ciclismo nas categorías de féminas e cadetes. O betanceiro Juan José Ambrosio do Club Ciclista Spol-Terrazos Riego foi o gañador, en féminas a victoria foi para María J. Barros do C.C. Tensai, nas categorías xuvenil e cadete as vitorias foron para Silvia Roel Tasende e Patricia Roel Vázquez respectivamente, ambas do C.C. Betanzos.



## 2 de agosto de 1996

Na Sala Capitular do Concello, o Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, presentou oficialmente o cartel anunciador e o programa de festas patronais de San Roque 96.

## 2 de agosto de 1996

O claustro do Museo das Mariñas foi escenario dun concerto do grupo de corda betanceiro Evocación. Esta actividade enmárcase dentro do ciclo de música Verán 96 organizado pola Delegación de Cultura do Concello, que tivo continuidade ó longo da primeira quincena deste mes coas actuacións do pianista Ricardo Blanco, Trío Divertimento, do díuo Przevalsky-Przevalskaya, Grupo de metales Santa Cecilia, Coral Polifónica, Agrupación Musical Carlos Seijo e Banda Municipal de Música.





### 3 de agosto de 1996

Neste día empezou a emitir Radio Betanzos no 107.9 de FM, iniciativa auspiciada pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes coa colaboración da Xunta de Galicia. O acto inaugural estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez. A coordinación do programa inaugural correu a cargo do periodista betanceiro D. José Luis Tena.

### Agosto de 1996

Nestes días visitou Betanzos con frecuencia o gran actor británico, de orixe australiano, Trevor Faulkner Esq. O.M., especialista no teatro de Lorca. Deixou aquí moitos amigos. □

### 3 de agosto de 1996

Promovido pola Coral Polifónica e a Agrupación Carlos Seijo, tivo lugar na sala de festas Rey Brigo unha homenaxe popular a D. José Manuel Romay Beccaría con ocasión do seu nomeamento como Ministro de Sanidade. O acto estivo presidido polo Alcalde da cidade D. Manuel Lagares Pérez.

### 9 de agosto de 1996

Tivo lugar a inauguración da Sala do Museo das Mariñas Colección Jiménez-Cossío, composta por bordados, encaixes, abanicos e outras pezas datadas entre o século XVI e principios do XX. Foron cedidas pola Presidenta da Fundación Jiménez-Cossío, Dña Natalia Jiménez de Cossío. O acto de inauguración foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e a él asistiron a Presidenta da Fundación, Dña Natalia Jiménez de Cossío, o Concelleiro de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz, o Director do Museo das Mariñas e secretario da Fundación, D. Alfredo Erias, e numerosas persoas relacionadas co mundo da cultura. Como complemento celebrouse a continuación un concerto de música de cámara a cargo do Trio Divertimento.





*Un aspecto da nova sala do Museo das Mariñas: "COLECCIÓN JIMÉNEZ-COSSÍO".*

#### **9-11 de agosto de 1996**

*Organizado por algúns pubs da cidade tiveron lugar nestes días unhas xornadas musicais no Pasatempo, nas que actuaron diferentes grupos de música folk e rock galegos. As xornadas coincidiron coa I Festa da cervexa.*

#### **13 de agosto de 1996**

*No Edificio Arquivo inaugurouse a mostra O Globo de Betanzos, en homenaxe do recentemente falecido (30 de xullo), D. Andrés Martínez Guerra, que él mesmo deixara preparada, deste xeito familiares e amigos cumpriron coa súa vontade. O acto, que contou coa presencia da viúva, Dª Carmen García Calviño, e o seu fillo, D. Andrés Martínez García, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, assistindo tamén, entre moitas outras personalidades, o Ministro de Sanidade e betanceiro, D. José Manuel Romay Beccaría. Ó mesmo tempo presentouse o libro El Globo de Betanzos, o primeiro que se fai sobre este tema e escrito por diversos autores da cidade, entre os que está D. Andrés Martínez Guerra, D. Francisco Iglesias, D. Eusebio Tenreiro, D. Marcelino Álvarez, D. Emilio Pita, D. Jaime A. Pita e D. Alfredo Erias. Este fixo a presentación da mostra e do libro:*

**Excelentísimas e Ilustrísimas autoridades, Amigos todos:**

Cuando hace unos pocos días mi amigo Andrés Martínez Guerra me hizo el honor de pedirme que le presentase su magna exposición del Globo, no podía imaginar que el reloj de su vida, que apenas marcaba los 62 años, estaba a punto de pararse.

Estamos muchos hoy aquí honrando su memoria, admirando su obra y al lado de su familia, pero debe ser este, sin embargo, un día alegre porque él así lo hubiera querido.

Yo estoy seguro que si Andrés pudiera vernos estaría satisfecho, porque, en primer lugar, su obra está expuesta para goce de todo el pueblo de Betanzos y de quien nos visite; en segundo, porque pudo estar aquí hoy presente su gran amigo y compañero, D. José Manuel Romay Beccaría, actual Ministro de Sanidad del Gobierno de España y betanceiro ilustre donde los haya; y por último, también se cumple otra de sus ilusiones, al poder presentarse paralelamente el primer libro que se realiza sobre el Globo de Betanzos.

Es cierto que todos conocíamos a Andrés, pero la memoria es flaca y pienso que no está demás trazar algunas pinceladas biográficas.

Andrés era hijo de Petronilo Martínez Crespo, un técnico curtidor e Izagre, León, que llegó a Betanzos alrededor de 1932 para trabajar de encargado especialista en la fábrica de curtidos de Caraña, pero al poco tiempo ésta cerró y en el padrón de habitantes de 1935 ya lo vemos con el oficio de «churro» que mantuvo durante muchos años. Así, trabajando frecuentemente delante del Cine Alfonsetti, mantuvo a su familia, compuesta por su mujer, Juliána Guerra Bernardo y por sus siete hijos: Luis, Francisco, Eugenia, Pedro, Alejandro, Petronilo y Andrés.

Con esto quiero significar que Andrés procede de una familia humilde, y como sus padres supo sacar también a su familia adelante, realizando diversos trabajos, pero sobre todo estando integrado en Industrias Riego en donde estuvo 36 años. En esta empresa era toda una institución y muy querido por sus compañeros, dándose el caso de que precisamente, apoyado por ellos, llegó a la política en 1968, como concejal en la Corporación que presidía D. Marcial Olveira Rey. Continuó en ella como primer Teniente de Alcalde, al lado de Don Julio Romay Beccaría, y cuando éste renunció, Andrés fue interinamente el Alcalde de todos los betanceiros entre el 6 de octubre de 1978 y el 18 de abril del año siguiente.

De su época como máxima autoridad de Betanzos quiero entresacar una imagen que define su talante integrador y positivo: aquella en que preside una manifestación popular, al lado de todos los líderes de los diferentes partidos políticos, pidiendo la construcción del desvío de la Nacional VI, luego de los innumerables accidentes mortales de la curva del Valdoncel.

Con la llegada de la era democrática Andrés funda en diciembre de 1980, en calidad de presidente, el comité local de Alianza Popular (más tarde Partido Popular) y de 1983 a 1987 ya lo volvemos a ver como concejal, continuando más tarde en el mismo cargo desde 1991 hasta hoy.

